

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 27 de abril de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Eudosio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14,12 horas do día vinte e sete de abril de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, non asistiu, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(548).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(549).- INTERPOÑER RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA O DECRETO 32/2011 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, POLO QUE SE APROBA O CAMBIO DE**

**TITULARIDADE DA ANTIGA ESTRADA C-550 (FISTERRA-TUI, POLA COSTA), AVDA. FLORIDA E DO TREITO DA ESTADA PO-330 (VIGO-VINCIOS) AVDA. CASTRELOS, A PROL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 61749/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor xurídico de Servizos Xerais, do 25.04.11, a Xunta de Goberno local acorda:

**Primeiro.-** Interpoñer recurso contencioso administrativo contra o Decreto 32/2011, do 17 de febreiro, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da antiga estrada C-550 (Fisterra-Tui, pola costa), Avda da Florida e do Treito da Estrada PO-330 (Vigo-Vincios), Avenida de Castrelos, a prol do Concello de Vigo.

**Segundo.-** Informar da presente resolución á Asesoría Xurídica Municipal para que polos seus letrados, se proceda a interposición do mencionado recurso.

**3(550).- PROXECTO MODIFICADO A CERO DE BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN EQUIPAMENTOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO 2010. EXPTE. 50522/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas e do xefe da área de Benestar Social, do 18.04.11, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o proxecto modificado a cero de básico e de execución das obras de melloras de accesibilidade en equipamentos públicos do concello de Vigo 2010”.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14.15 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.